



# Mundo de Cores

## Ficha pedagógica

### **NOME DA DINÁMICA:** *Xogando a través do mundo*

Mediante os xogos, as crianzas conseguen entrar en contacto co mundo e ter unha serie de experiencias de forma pracenteira e agradable. Xogar é investigar, crear, coñecer, divertirse, descubrir..., isto é, a expresión de tódalas inquietudes, ilusións, fantasías, que unha crianza necesita desenvolver para converterse en adulta.

Unha forma de achegarnos entre países, e ver que somos máis iguais que diferentes é a través do xogo. En calquera país que haxa nenos/as, este/as xogan. E moitas veces aínda que estean a moitos quilómetros de distancia os xogos son moi similares.

### **OBXETIVO DA ACTIVIDADE:**

- Aproximarnos á historia, costumes e a actualidade de diferentes países a partires dun xogo autóctono. (Anexo I e Anexo II)
- Construír colectivamente un documento formativo sobre cada país.
- Reflexionar sobre a diversidade e as súas aportacións.

### **HABILIDADES E ACTITUDES QUE DESENVOLVE:**

- Concentración: prestar atención, observar e pensar coidadosamente.
- Pensamento lóxico: para tomar decisións baseadas no razoamento e na lóxica.
- Pensamento creativo: para usar a imaxinación e expor novas ideas.
- Pensamento estratéxico: pensar con antelación e valorar as consecuencias das decisións.
- Resolver problemas: para abordar os problemas e superar obstaculos.
- Aptitudes lingüísticas: para o desenvolvemento do vocabulario, lectura, escritura e outras aptitudes.
- Aptitudes matemáticas: para o desenvolvemento da comprensión de formas matemáticas e xeométricas.
- Pensamento visual: para o desenvolvemento da comprensión de formas visuais, imaxes e debuxos.
- Aptitudes sociais: para cooperación con outras persoas, seguir as normas do xogo, gañar e perder con elegancia.

**TIPO:** Grupal.



# Mundo de Cores

## Ficha pedagógica

---

### **MATERIAL NECESARIO:**

Debuxos ou fotografías do país a tratar, información sobre este que poda resultar de interés para o alumnado, material que requira o xogo.

### **TEMPO DE DESENVOLVEMENTO:**

90 minutos semanais aproximadamente, ao longo do curso.

### **DESCRIPCIÓN DA DINÁMICA:**

1. Na aula teremos un mapamundi sexa a través de formato mural ou audiovisual para que as crianzas podan identificar onde se atopa o país do que van tratar nesa sesión.
2. Dependendo da idade do alumnado, o docente ou o alumnado procurará unha breve información gráfica e visual do país a tratar a través de internet.
3. O alumnado e o docente expoñeran na aula a breve información obtida.
4. Realizaráse o xogo elixido. (Anexo I e Anexo II)
5. Posteriormente reflexionaremos xunto o alumnado sobre o xogo realizado, falando sobre as similitudes con outros xogos autóctonos coñecidos, a opinión sobre as diferencias culturais, tentando en todo momento, fomentar a naturalización e interiorización da diversidade como algo enriquecedor e positivo



# Mundo de Cores

## Ficha pedagóxica

### ANEXO I

#### Garcétanbolilaye (Senegal)

Facemos dous grupos de dez a quince xogadores/as que se colocan en dúas fileiras separadas por unha liña trazada no chan. Cada xogador/a intenta que o/a xogador/a que ten diante seu atravesese a marca. Se iso sucede, queda feita/o prisioneira/o no campo contrario, mentres que o/a xogador/a que logrou capturalo pode axudar a calquera compañeira/o que se encontre en dificultades, colléndoo pola cintura formando unha pequena cadea.

O xogo finaliza cando todos as/os xogadora/es forman parte dun mesmo equipo.

#### “Gato come ao rato” (Angola)

As/Os nena/os participantes collidos das mans forman un círculo. Un dos xogadores (rato) sitúase no seu interior e outro compañeiro (gato) colócase no exterior. Este debe intentar entrar no círculo para atrapar ao rato, mentres os compañeiros do círculo deben protexelo, intentando evitar que entre o gato, mentres berran: " Gato come ao rato! "

#### Tabuaxrat (Marruecos)

Entre catro e seis nena/os, con dez pedras cada un, séntanse no chan formando un círculo ao redor dun montón de pedras, feita con cinco pedras de cada un dos xogadores. O xogo iníciase cando, unha vez establecida a orde de participación, o primeiro xogador se achega ao montón e intenta coller unha, sen que se mova ningunha pedra. Se o consegue, queda con ela, pero se move algunha, ten que pagar peza deixando no montón unha das súas. A medida que os xogadores quedan sen pedras van abandonando o xogo.



# Mundo de Cores

## Ficha pedagógica

### ANEXO II

Aquí tedes unha relación de webs onde poderedes atopar diferentes xogos que se practican o longo do mundo:

[Juegos tradicionales](#) (educar.org). Explicación dos xogos infantís: o balero, o barrilete, as bolitas, o caballito, a rayuela e o trompo.

[Juegos populares y tradicionales](#) (doslourdes.net). Fichas que explican a organización e procedemento dun gran número de xogos populares e tradicionais.

[Juegos de todas partes](#) (El Rincón de Birujines). Diversos xogos tradicionais agrupados por continentes.

[Jocs del Món – Juegos del mundo](#) (Jóvenes por la Igualdad). Web cuxo obxectivo é fomentar os valores de interculturalidade, respecto á diversidade e non discriminación entre os mozos. Contén un gran número de xogos de todo tipo a cuxas fichas se accede mediante un mapa do mundo interactivo. As fichas mostran o país de procedencia do xogo, os materiais necesarios e o seu desenvolvemento. Os contidos desta web pódense consultar en catalán, inglés e castelán.

[Children's Folk Games](#). Proxecto coordinado por Petru Dumitru cuxo obxectivo é recompilar xogos, cancións e tradicións de todo o mundo.

[Juegos tradicionales de Venezuela](#) . Xogos como a zaranda, gurrufío, as metras ou o mecate explicados.

[Juegos tradicionales de los aborígenes australianos](#) para levar á aula ou realizar ao aire libre e con versións para nenos e adultos en PDF (web en inglés).

[Juegos de siempre](#) (El globo rojo). Colección de fichas nas que se describen xogos tradicionais de Latinoamérica.